

Esgotado xa o crédito da primeira dotación e tendo en conta o elevado número de solicitudes presentadas, na sesión ordinaria do Padroado da *Fundación Axencia Humanitaria de Galicia* do 3 de xuño de 2010 acordouse a posibilidade de uso de fondos da reserva fundacional para unha nova dotación e ampliación de crédito.

Por todo o anterior e en virtude das facultades conferidas

**RESOLVO:**

1. Ampliar en 210.000 € para o exercicio 2010 o crédito das bases reguladoras da concesión de subvencións para a execución de proxectos de axuda humanitaria, para a obtención das cales se terán en conta os mesmos requisitos da Resolución do 21 de xaneiro de 2010.

2. A data de entrada en vigor desta resolución será o día seguinte ao da súa publicación no DOG.

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2010.

Jesús Gamallo Aller  
Presidente da *Fundación Axencia Humanitaria de Galicia*

**CONSELLERÍA DE FACENDA**

*Decreto 118/2010, do 17 de xuño, polo que se fixa o tipo de gravame aplicable nas concesións por ocupación de bens demaniais adscritos á Consellería de Facenda e afectos a dependencias administrativas, con destino á prestación dun servizo público ou dependencias administrativas de terceiros.*

A Consellería de Facenda ten adscritos inmobles de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia sobre os que ten atribuídas facultades de xestión, administración, conservación e disposición.

As consellerías que teñen adscritos inmobles de natureza demanial poden outorgar licenzas, autorizacións e permisos de ocupación temporal, correspondendo ao Consello da Xunta o outorgamento das concesións demaniais, por proposta destes departamentos.

A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia creou a taxa por utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma.

O anexo nº 5 da anterior norma xurídica establece que con carácter xeral, e salvo que exista tarifa específica, a contía da taxa que se debe satisfacer

será a que se fixe por decreto, por proposta da consellería a que estea adscrito o elemento obxecto de concesión e logo do informe favorable da consellería competente en materia de facenda, e determinarase pola aplicación dunha porcentaxe mínima do 2% e máxima do 6% sobre o valor de mercado. Para estes efectos, tomarase como valor de mercado o valor actualizado do ben segundo o Inventario xeral de bens e dereitos da Comunidade Autónoma de Galicia, tendo en conta a superficie ocupada e a súa situación no inmovible, de ser o caso.

Dado que os posibles destinatarios destas concesións serán fundamentalmente entidades públicas, que prestan un servizo público aos cidadáns, preténdese establecer o tipo de gravame mínimo fixado na Lei 6/2003, do 9 de decembro.

Na súa virtude, no uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, por proposta da conselleira de Facenda, de acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día dezasete de xuño de dous mil dez,

**DISPOÑO:**

**Artigo 1º**

O tipo de gravame que será de aplicación nas concesións de dominio público de inmobles adscritos á Consellería de Facenda queda fixado nun 2%, cando o destino do ben sexa ser empregado como dependencias administrativas ou para a prestación de servizos públicos de terceiros.

**Artigo 2º**

A taxa anual deberá ingresarse mediante autoliquidación do suxeito pasivo nos prazos que se establezan no título outorgante.

*Disposición derradeira*

Este decreto entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, dezasete de xuño de dous mil dez.

Alberto Núñez Feijóo  
Presidente

Marta Fernández Currás  
Conselleira de Facenda

*Decreto 119/2010, do 17 de xuño, polo que se acorda a mutación demanial dun inmovible situado na rúa Don Bosco número 1, no termo municipal de Vigo.*

A consellería competente por razón da materia solicitou a mutación demanial do inmovible coñecido como Centro Fogar San Paio de menores, co fin de destinalo a escola infantil e oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia.